

OS INFORMES TÉCNICOS DESACREDITAN TAMÉN A POLÍTICA DE PERSOAL DO CONCELLO DE CUNTIS

- [Na web de Veciñanza pode consultarse unha detallada descrición das irregularidades que o PSOE comete en materia de persoal dende o Goberno Municipal, así como o acceso aos informes técnicos que o poñen de manifesto e o cadro de persoal para este 2021](#)
- *Os informes de Secretaría e Intervención, contrarios aos procedementos de Alcaldía para prorrogar contratos laborais con falsos argumentos.*
- *Veciñanza demanda a creación dunha RPT e a convocatoria das vacantes orzamentadas, que o Goberno Local emprega de maneira opaca e confusa.*

Cuntis, 13 de marzo de 2021

Tanto os informes de Intervención como de Secretaría veñen de contradicir as prácticas do Alcalde en materia de contratación de persoal, como xa o fixeran anteriormente no caso da xestión económica. O Goberno Municipal de Cuntis decide (mediante Decreto de Alcaldía), **contra o criterio dos técnicos municipais**, a continuidade de varios/as traballadores/as máis alá da período establecido polas subvencións provinciais que deron lugar aos pertinentes contratos, **argumentando ademais necesidades puntuais con motivo da pandemia do coronavirus cando o propio informe de Secretaría deixa constancia de que se trata de servizos continuados e permanentes**. Isto supón a terxiversación dos procedementos de contratación **creando postos de traballo temporais e precarios cando o Concello de Cuntis pode e debe convocar prazas de emprego público de calidade** para unha adecuada prestación de servizos.

www.veciñanza.gal

Na web de Veciñanza pode consultarse **unha detallada descrición das irregularidades que o PSOE comete en materia de persoal** dende o Goberno Municipal, así como **o acceso aos informes técnicos** que o poñen de manifesto e o cadro de persoal para este 2021. Dáse conta da incapacidade do Alcalde para aprobar unha RPT (Relación de Postos de Traballo), que é un documento básico para a organización do persoal e a prestación axeitada dos servizos públicos sen ter que recorrer a procedementos confusos como é o caso actualmente. Infórmase tamén do uso indebido das vacantes: postos de traballo que se consignan nos orzamentos pero que non se chegan a convocar (dende hai máis de cinco anos) para poder dispoñer dese crédito e abusar así da contratación temporal e precaria. A non-publicidade das ofertas de traballo é outra das características que dá como resultado procesos de selección altamente confusos. Ademais, como de costume, Veciñanza pon a disposición pública os informes técnicos que contradín as decisións do Goberno Municipal, como acontece tamén en materia económica.





Veciñanza aposta decididamente polo emprego público de calidade e non pola perpetuación do clientelismo que tan característico foi en décadas pasadas no noso concello. Xa nas emendas presentadas no mes de xaneiro ao proxecto de Orzamentos, **Veciñanza instaba a que se convocaran as prazas vacantes que contempla o documento, e que o PSOE vén evitando facer xa dende a pasada lexislatura para poder dispoñer así dese crédito orzamentario e deseñar unha política de persoal opaca e irregular.** A prestación de servizos públicos de calidade precisa dunha estrutura de persoal acorde ás necesidades reais do concello. Tanto na xestión económica como na de recursos humanos, o Alcalde atópase sistematicamente coa desaprobación dos técnicos por tratar de saltarse os procedementos regulados, argumentar falsas motivacións, non aprobar unha RPT e non convocar os postos de traballo público que se consignan como vacantes nos orzamentos de cada ano.

Veciñanza pídelo ao Alcalde de Cuntis que respecte os procedementos de xestión, tome en consideración os informes técnicos, convoque as vacantes xa presupostadas e implante no Concello de Cuntis unha política de recursos humanos seria, transparente e acorde ás necesidades dos veciños e veciñas.

